

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 79

ano 13

novembro-décembro 2018

40 anos de constitucionalismo en democracia: A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

“Constitución Española. Don Juan Carlos I, Rey de España. A todos los que la presente vieren y entendieren. Sabed: que las Cortes han aprobado y el Pueblo español ratificado la siguiente Constitución”. Así comeza o **texto da Constitución Española de 1978**, que presentamos neste número de *Fronda*.

O 27 de decembro daquel ano, o Rei, recente o fin (1975) de corenta anos de ditadura, e tras o referendo constitucional do 6 de decembro –apoiado pola ampla maioría da cidadanía–, sancionou a Constitución que rexe a vida da sociedade española desde entón ata os nosos días.


A Carta Magna poñía fin á chamada **Transición** democrática que se produciu no Estado español tras a morte de Francisco Franco (1975) e coa que se procurou democratizar as estruturas do país a fin de situalo á altura das democracias occidentais europeas.

O folleto que figura na columna da dereita forma parte dunha das numerosas publicacións que se fixeron co texto íntegro da Constitución nos días posteriores á súa aprobación.

Neste caso, a publicación foi realizada nos talleres do xornal **Pueblo**. O dito diario foi un dos máis importantes do franquismo. Creado como órgano dependente do réxime ditatorial en 1940, actuou como un dos principais medios de comunicación dos sindicatos verticais da época. A súa importancia acrecentouse durante as décadas de 1950 e 1960, chegando a ser un dos tres xornais máis vendidos na época, e a ter unha edición autónoma en Andalucía. O seu principal referente, e director durante máis de vinte anos, foi o arevalense Emilio Romero, escritor e xornalista moi relevante nos medios de comunicación da dereita española nos inicios da época democrática.

Mais co debilitamento do réxime, nos comezos da década de 1970, e a posterior desintegración do Movemento en 1976, o periódico perdeu o seu prestixio e o enorme financiamento achegado polo Estado. O decaemento progresivo nos anos seguintes rematou co peche do xornal en 1984, debido, segundo o goberno socialista de Felipe González, ás grandes perdas económicas que xeraba ao Estado o dito xornal.

Mais, cabe dicir, que o seu peche, xunto a outros órganos informativos vencellados ao Estado dende os inicios do franquismo (caso do diario *Alerta* e o *Baleares*, ambos vendidos a empresas xornalísticas privadas), supuxo a fin da totalidade dos medios de comunicación nados naquela época: foi un paso máis na vía á democratización do país que promulgaba a Constitución española de 1978, ao propiciar a liberación da prensa.



ESPAÑA
[Constitución española de 1978]
Constitución española de 1978 . – Madrid : Pueblo; 1978
15 p. ; 24 x 33 cm
AHPOu, Biblioteca auxiliar , C. 69

A Constitución de 1978

A Carta Magna promulgada en 1978 non é a primeira que existe en España. A historia do constitucionalismo español iniciouse a comezos do século XIX, vencellada aos aires do liberalismo nados na Francia revolucionaria e napoleónica, que inspiraron o **Estatuto de Bayona de 1808** e que influiron na **Constitución de 1812**: a famosa Pepa, alcumada así por ser aprobada o 19 de marzo, día de San Xosé.

Outras constitucións foron promulgadas ao longo do século XIX tras o asentamento do Estado liberal cara a 1833, máis foron curtas pola inestabilidade sociopolítica da época (1837, 1845, 1869, 1876 e as non promulgadas de 1856 e 1873). Non sería até o inicio da **Restauración borbónica** (1874) cando se promulgará a **Constitución de 1876**, a máis longa da historia española, que estivo vixente ata 1931, agás no período da Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930). A actual constitución, que cumpre este mes de decembro corenta anos, ten a honra de ser a segunda máis estable da historia española.

Pola súa vez, a **Constitución de 1931**, promulgada durante a **Segunda República** (1931-1936), foi a última carta constitucional que existiu en España antes da actual, sendo deslexitimada pola ditadura franquista trala Guerra Civil (1936-1939).

A actual Constitución entrou en vixencia o 29 de decembro de 1978, malia ser aprobada o día 27, xa que, segundo se conta como anécdota, as Cortes non quixeron que aparecese no BOE do 28 de decembro por ser o día dos Santos Inocentes. Nela establécese que España é unha **monarquía parlamentaria**, onde existe a **división tripartita dos poderes** (lexislativo, executivo e xudicial). No texto da norma recóllense unha serie de dereitos e deberes da cidadanía española vencellados ao estilo das democracias occidentais e á Carta de Dereitos Humanos da ONU, como, por exemplo, o dereito universal de educación.

A Carta Magna organízase en **10 títulos**: dereitos e deberes fundamentais, a Coroa, as Cortes Xerais, o Goberno e a Administración, relacións entre Goberno e Cortes, o Poder Xudicial, a Economía e a Facenda, a organización territorial, o Tribunal Constitucional e a reforma constitucional; ao que hai que engadir un título preliminar e un preámbulo.


Ademais dos deberes e dereitos da cidadanía, a Constitución tamén estableceu algúns elementos definitorios do sistema político español. Propiciou a creación das **comunidades autónomas** e as súas competencias, recoñecendo certas nacionalidades históricas por teren estatuto propio na II República (implicitamente eran Cataluña, Euskadi e Galicia). Outros elementos esenciais son a delimitación de poderes do rei ou a xestión económica das administracións públicas.

Dado o seu carácter ríxido, a Constitución Española (CE) de 1978 sufriu tan só dúas **reformas**. A

primeira foi en 1992, co fin de permitir o sufraxio pasivo dos cidadáns comunitarios nas eleccións municipais. A segunda foi no ano 2011, e estivo relacionada coa estabilidade orzamentaria das administracións públicas.

O papel de Galicia

No caso particular de Galicia, a Constitución de 1978 permitiulle ser recoñecida como **nacionalidade histórica** dentro do Estado español, grazas a que foi unha das tres rexións estatais que tivo un estatuto de autonomía durante a época da Segunda República. Este recoñecemento foi chave para a rápida creación dun novo estatuto e da conseguinte comunidade autónoma actual, nada en 1981. Tamén se estableceron as súas competencias que, en 1983, foron ampliadas o igual que para as demais CC.AA.



Fragmento da publicación sobre a Constitución española de 1978 vencellada ao xornal *Pueblo*. AHPOU. Biblioteca auxiliar, C. 69

Por outra banda, como aspecto cultural substantivo, a **lingua galega** pasou a ter unha protección especial, cun uso oficial obrigatorio nas administracións (principalmente na educación). Estas circunstancias permitiron a creación posterior dunha gramática normativizada que se foi desenvolvendo ao longo dos anos.

Os pais da Constitución

A elaboración do texto constitucional foi un proceso longo e complexo que se iniciou tras a aprobación da **Lei de reforma política (1977)**. Por primeira vez en máis de corenta anos, sentou na mesma mesa representantes de partidos políticos totalmente opostos, que lograron cooperar na elaboración do documento base do Estado, a súa norma suprema: a Constitución.

A comisión estivo formada por sete membros, tres da UCD (Gabriel Cisneros, Miguel Herrero y José Pérez-Llorca), un do PSOE (Gregorio Peces-Barba), un do PCE (Jordi Solé), un de AP (Manuel Fraga) e outro da minoría catalá (Miquel Roca).

Finalmente, o consenso político levou á aprobación do texto constitucional pola cidadanía con máis dun 88% dos votantes (o que representaba o 58,97 % do censo electoral).